

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO DE AMES.

1.- Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de mantemento preventivo, correctivo, conservación e reparación das instalacións semaforicas do Concello de Ames.

Este servizo implica as actuacións de comprobación e revisións, así como a substitución dos elementos avariados, sendo por conta da empresa prestadora do servizo tanto os elementos avariados a substituír como o importe da man de obra correspondente a dita substitución.

2.- Elementos que compoñen a rede semaforica do Concello de Ames.

As instalacións sobre as que inicialmente se deberá prestar o servizo de mantemento son as seguintes:

a) Núcleo poboacional do Milladoiro

- 1) Paso de peóns en Rosalía de Castro, intersección coa Rúa Raxoeira, na N-550.
- 2) Cruce Rosalía de Castro, intersección coa Rúa Panasqueira, na N-550.
- 3) Cruce Rosalía de Castro, intersección coa Rúa Figueiras e Rúa Cruxa.
- 4) Cruce Rosalía de Castro, intersección coa Rúa Agro do Medio.
- 5) Cruce Rosalía de Castro, intersección con Rúa Magdalena e Rúa Castelao.
- 6) Paso de peóns en Rosalía de Castro, saída cara Pontevedra.
- 7) Paso de peóns en Travesía do Porto I.
- 8) Paso de peóns en Travesía do Porto II.

b) Núcleo poboacional de Bertamiráns (AC-543) e carreteira de Negreira (AC-544)

- 1) Cruce Avda. de Mahía, intersección coa Estrada de Lapidio, na AC-543.
- 2) Paso de peóns na Avda. da Mahía, a altura da Rúa do Muíño, na AC-543.
- 3) Paso de peóns na Avda. da Mahía, a altura da Ponte do Rego dos Pasos, na AC-543.
- 4) Paso de peóns da Rotonda da Avda. de Mahía (AC-543), intersección coa Avda. Da Peregrina (AC-544)
- 5) Cruce Avda. de Mahía (AC-543), intersección coa Rúa Alcalde Lorenzo (DP-0205)
- 6) Cruce Avda. de Mahía (AC-543), coa Rúa do Pedregal.
- 7) Paso peóns Avda. de Mahía (AC-543), intersección coa Rúa Poeta da Mahia (a altura do parque Chavián).
- 8) Cruce Avda. de Mahía (AC-543), intersección coa Travesía Pedregal.
- 9) Cruce Avda. Da Peregrina, intersección coa Travesía do Pedregal e Avda, J.L. Azcarraga, na AC-544.
- 10) Paso peóns en Aldea de Castrigo, fronte ao Colexio Público A Maía, na AC-544.

No Anexo I reflíctense planos de situación de cada unha das instalacións.

O adxudicatario do contrato deberá recibir as instalacións no seu actual estado, sin que poida indicar ningún inconveniente ao reparo para elo, podendo con anterioridade á formulación da oferta visitar as instalacións para o seu estudo, previa autorización e sen interferir no seu normal funcionamento.

3.- Descrición de cada unha das instalacións que compoñen a rede semafórica

a) Núcleo poboacional do Milladoiro

Rúa	Localización semáforo	Aviso Sonoro	Indicador visual de tempo
Travesía do Porto	Xunto aparcadoiro da Rúa Aagriños	NON	NON
Travesía do Porto	Xunto a Casa da Cultura	NON	NON
Avda. Rosalía de Castro	Intersección coa Rúa Magdalena	NON	NON
Avda. Rosalía de Castro	Intersección con Rúa Agro do Medio	SI	NON
Avda. Rosalía de Castro	Intersección coa Rúa Cruxa	SI	NON
Avda. Rosalía de Castro	Intersección coa Rúa Panasqueira	SI	NON
Avda. Rosalía de Castro	Intersección coa Rúa Raxoeira	SI	NON
Rúa Magdalena	Rúa Magdalena	NON	NON
Rúa Castelao	Rúa Castelao	NON	NON
Rúa Figueiras	Rúa Figueiras	NON	NON
Rúa Cruxa	Rúa Cruxa	NON	NON
Rúa Agro do Medio	Rúa Agro do Medio	NON é necesario	NON é necesario

b) Núcleo poboacional de Bertamiráns (AC-543) e carreteira de Negreira (AC-544)

Rúa	Localización semáforo	Aviso Sonoro	Indicador visual de tempo
Avda. Da Mahía	Intersección coas estrada de Lapido	SI	NON
Avda. Da Mahía	A altura de Camiño de Paraxó	SI	NON
Avda. Da Mahía	Rúa Muiño	SI	NON
Avda. Da Mahía	A altura da Travesía do Lodeiro	SI	NON
Avda. Da Mahía	Avda. Da Peregrina	NON é necesario	NON é necesario
Avda. Da Mahía	Intersección coa Rúa do Pedregal	SI	NON
Avda. Da Mahía	Intersección coa Rúa Poeta da Maía	NON	NON
Avda. Da Mahía	Altura Travesía do Pedregal	NON	NON
Rúa Alcalde Lorenzo	Rúa Alcalde Lorenzo	SI	NON
Rúa do Pedregal	Rúa do Pedregal	NON	NON
Avda. Peregrina	Avda. Da Peregrina	NON	NON
Avda. Da Mahía	Altura da Travesía da Peregrina	NON	NON
Travesía Peregrina	Travesía da Peregrina	NON	NON
Avda. José L. Azcarraga	Avda. José I. Azcarraga	NON	NON
Estrada de Lapido	Estrada de Lapido	NON é necesario	NON é necesario
Rotonda Avda. Maía	Avda. Maía/Avda. Peregrina/Ameneiral	NON é necesario	NON é necesario

4.- Descrición dos traballos que deberá realizar o contratista.

O Contratista queda obrigado dende a data de inicio do contrato á realización dos seguintes traballos:

a) Mantemento:

- Previo ao inicio do contrato o licitador deberá presentar ante o responsable técnico municipal, informe técnico do estado actual das instalacións semaforicas, debendo reflectir tanto a situación técnica como a estética dos mesmos.
- Substitución das lentes leds que se avariasen por calquera circunstancia.
- Asemade deberá efectuar os seguintes traballos de mantemento coa seguinte periodicidade:

Cada 2 meses:

* Reguladores:

- Probas de funcionamento, inspección da programación
- Limpeza exterior de armarios
- Revisión das bases de columnas e báculos. No caso de non garantir a seguridade se procederá a súa substitución.

* Lámparas:

Comprobación xeral de lámpadas fundidas, floxas, anomalías na sinal, etcétera, procedéndose ao cambio das necesarias

* Soportes:

Revisión estado conservación semaforos, báculos, columnas e soportes en xeral, comprobación de puntos de corrosión e repaso pintura onde sexa necesario

Cada 3 meses:

* Comprobación do bo estado dos semaforos e as súas ópticas a pé procedendo a reparar as anomalías que se detecten, levando a cabo a substitución ou reposición de todos aqueles elementos, pezas ou partes de todas as instalacións que puideran provocar avaría inminente ou aquelas que se atopen deterioradas ou en mal estado de funcionamento.

* Detectores:

Comprobación tensión e sinal

* Espiras:

Comprobación estado de espiras e calzada no tramo

* Presentar un informe técnico cas conclusións extraídas das revisións efectuadas, así como un resumo técnico das intervencións efectuadas.

Cada 6 meses:

* Reguladores:

Rexeneración de fontes de alimentación

* Detectores:

Comprobación de correspondencia entre sinais e vehículos mediante contaxe manual. Limpeza exterior de armarios

* Acometidas e proteccións:

Comprobación caixas e cableado, tubos e sistemas de protección, así como cerre de seguridade da caixa de contadores

* Rede de terra:

Comprobación funcionamento e do conxicionado dos cables de toma de terra

* Partes metálicas móbiles:

Engrase de bisagras, cerraduras e partes móbiles en xeral de caixas, armarios, portas de rexistro.

* Limpeza:

Limpeza de reguladores e semáforos (cabzais, parte interna das lentes e tulipas).

Cada 12 meses:

*** Reguladores:**

Limpeza interior, substitución de filtros, pintura interior e axuste desperfectos.

*** Cableado de cruces:**

Probas de caída da tensión e comprobación conxicionado en todos os cables existentes entre os semáforos e o regulador.

*** Pintura:**

Pintado previo saneamento das partes afectadas, de acordo coas instrucións do Concello.

b) Reparación de todas as avarías que se produzan polo desgaste ou mal funcionamento dos aparatos reguladores, semáforos, etc.:

Avarías en reguladores:

Comprende a reparación de calquera avaría sufrida polos reguladores de tráfico, substituíndo calquera elemento ou peza que non se atope en condicións de prestar o servizo.

Avarías en cableados:

Comprende a reparación ou substitución de cables tanto de sinais como de alimentación, ata o cadro de acometida e protección de semáforos, exceptuando as roturas accidentais ocasionadas por terceiros. Non se inclúe a obra civil necesaria para a reparación destas avarías, como apertura de canalizacións ou limpeza de arquetas.

Servizo de garda e tempo de resposta

Este servizo cubrirá os 365 días ao ano, 24 horas, con un tempo de resposta máximo de 3 horas. A notificación da incidencia poderá efectuarse por vía telefónica ou electrónica os 365 días do ano as 24 horas. Unha vez que se produza a reparación do feito que motivou a incidencia ou aviso, a empresa adxudicataria estará obrigada a presentar informe no que se reflicte as actuacións efectuadas e a resolución da incidencia. Deberá comunicar ao Concello o momento da resolución da avaría.

Quedarán incluídos dentro do contrato todos os servizos realizados, incluíndo man de obra, desprazamento, aluguer de maquinaria, etc.

O Contratista está obrigado ao mantemento das instalacións obxecto deste contrato e a reparación de todas as avarías que se produzan nestas, calquera que sexa a causa da avaría, a excepción de danos ocasionados por accidentes de tráfico. Nestes casos se o concello o indicase estará obrigado igualmente a reparación da instalación danada, elaborando para elo un orzamento previo que deberá ser aceptado polo Concello.

Substituiranse diariamente as lámpadas fundidas, facilitando aos servizos municipais repostos destas suficientes para acometer o cambio das mesmas entre cada actuación bimensual

A totalidade das pezas e elementos que se utilicen para as reparacións e labores de mantemento deberán ser homologadas e cumprir coa normativa vixente para este tipo de instalacións.

5.- Organización dos traballos

Durante o horario sinalado na cláusula oitava do presente prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións, haberá unha persoa da empresa (Coordinador do Servizo) debidamente informada sobre o desenvolvemento dos traballos aos efectos de poder dar toda clase de explicacións ao concello sobre calquera actuación dos equipos encargados do mantemento das instalacións. A empresa adxudicataria deberá presentar mensualmente unha comunicación escrita dos traballos de reparación de avarías efectuados no mes anterior, especificando os seguintes extremos:

- Data e número de aviso.
- Lugar da avaría.
- Hora de recepción do aviso.

- Hora de chegada ao lugar da avaría.
- Hora final de reparación da avaría.
- Identificación do operario.
- Clase de avaría.
- Materiais empregados na reparación.

6.- Sinalización, balizamento e seguridade

Será obriga da empresa adxudicataria a sinalización e balizamento de todas as obras, tanto de mantemento como de construción, que se executen por causa do presente contrato, sendo responsable dos accidentes ou incidentes que puideran causarse por faltas ou defectos na mesma.

Os vehículos destinados a este servizo disporán da sinalización propia, ademais dos elementos auxiliares, tales como: discos, balizas, cintas, luces, etc., adecuadas a cada caso, en número suficiente e do tipo homologado polo Ministerio de Fomento, ou no seu caso, polo correspondente organismo competente.

7.- Comunicación coa empresa e coordinador do servizo

A empresa adxudicataria deberá poñer en coñecemento do Concello un número de teléfono e unha dirección de correo electrónico, que poida permitir a localización do Coordinador do Servizo, ou na súa ausencia con algún outro técnico con capacidade de decisión, durante as vinte e catro horas do día e os 365 días do ano.

O contratista deberá comunicar ao concello, antes do inicio do contrato, o nome da persoa encargada de relacionarse con este (coordinador do servizo) para recibir as instrucións relativas ao servizo, entregar os partes de traballo e presentarse ante esta cando sexa requirido para tratar temas relacionados cos traballos obxecto do contrato. O persoal da empresa adscrito ao servizo de mantemento non quedará en ningún caso sometido a relación laboral co Concello.

8.- Horario de prestación do servizo.

O horario de prestación do servizo de mantemento, conservación e reparación obxecto deste contrato establécese en **vinte e catro horas** durante todos os **365 días do ano**.

9.- Prazo de garantía.

Dadas as características do servizo o prazo de garantía será **dun ano** dende a finalización do contrato.

10.- Criterios de valoración para a adxudicación do contrato.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

a) Proposición Económica e Criterios avaliados de forma automática.

1) Oferta económica, ata un máximo de 76 puntos

Outorgarase a máxima puntuación ao orzamento ofertado que presenten a maior porcentaxe de baixa sobre o orzamento base de licitación. As restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional.


Debera de indicarse o prezo desglosado en prezo total máis o correspondente IVE.

2) Melloras sen custe adicional para o concello, ata un máximo de 24 puntos


- a) Instalación de Aviso Sonoro naqueles semáforos que non dispoñen del 8 puntos.
- b) Instalación de Indicador Visual de tempo naqueles semáforos que non dispoñen del 8 puntos.
- c) Instalación de Pulsador para Peóns que funcionen baixo a demanda dos propios peóns 8 puntos.

ANEXO I
Situación e numeración das instalacións semafóricas


1) Cruce Avda. Mahía con Lapidó e N-634




2) Cruce Avda. Mahía con Puentes dos Pasos e Hnos. Mallón




3) Cruce Avda. Mahía, Rotonda Negreira




4) Cruce Avda. Mahía con Ortoño




5) Cruce Avda. Mahía con A Fonte




6) Cruce Avda. Mahía con Parque Chavían




7) Cruce Avda. Mahía con Travesía do Pedregal




8) Cruce de Negreira




9) Paseo de peóns do Instituto




10) Milladoiro, Rúa Rosalía de Castro con Rúa Raxoeira – Rúa Pardiñeiros



11) Milladoiro, Avda. Rosalia de Castro, Rua Figueiras



12) Milladoiro, Avda. Rosalía de Castro con Rúa Magdalena



13) Milladoiro - Pasos de peóns Travesía do Porto

